



INSTRUCCIÓN PARA A APLICACIÓN DO DECRETO 154/2012, DO 12 DE XULLO, POLO QUE SE FIXAN OS PREZOS CORRESPONDENTES AOS ESTUDOS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DE TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE CARÁCTER OFICIAL E VALIDEZ EN TODO O TERRITORIO NACIONAL NO ENSINO UNIVERSITARIO PARA O CURSO 2012/2013.

O Decreto 154/2012, do 12 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2012/2013, no seu Artigo 3. Modalidades de matrícula punto 4 establece: *“Ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais. Os prezos públicos a aboar pola matrícula son os establecidos no apartado 1.4 da tarifa primeira do anexo que será de aplicación aos títulos que así determine o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.”*

Celebrada a Comisión Delegada da Conferencia General de Política Universitaria o día 17 de xullo; co obxecto de determinar na Comunidade autónoma de Galicia as tarifas a aplicar ás ensinanzas de master que habiliten para o exercicio de actividades profesionais, así como ás outras ensinanzas de máster, a Secretaría Xeral de Universidades estima conveniente ditar as seguintes instrucións:

**PRIMEIRA.- Ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais.**

Quedarán encadradas nos seguintes epígrafes, segundo o seu grao de experimentalidade, as seguintes titulacións:



<p><b>Epígrafe A)</b> Máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Máster Universitario en Enxeñaría Química (*)</li><li>-Máster Universitario de Enxeñaría Informática (*)</li><li>-Máster Universitario en Enxeñaría de Sistemas Informáticos (*)</li><li>-Máster Universitario en Enxeñaría Industrial</li><li>-Máster Universitario en Enxeñaría Mariña</li><li>-Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental.</li></ul>	<p><b>Epígrafe B)</b> Máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas</li><li>-Máster Universitario en Avogacía (*)</li><li>-Máster Universitario en Procuradoría (*)</li></ul>
---	--

(\*) Pendentes de resolución de verificación polo Consejo de Universidades e da autorización pola Xunta de Galicia.

**SEGUNDA.- Outras ensinanzas de máster nos establecidas no parágrafo anterior.**

Quedarán encadradas nos seguintes epígrafes, segundo o seu grao de experimentalidade, as seguintes titulacións:

<p><b>Epígrafe A)</b> Máster non comprendidos no punto anterior encadrados dentro da rama de Ciencias, CC. Da Saúde, Enxeñaría e Arquitectura, e os seguintes máster:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Máster Universitario en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual.</li><li>-Máster Universitario en Arte Contemporánea, creación e Investigación</li></ul>	<p><b>Epígrafe B)</b> Máster non comprendidos no punto anterior encadrados dentro da rama de Arte e Humanidades e CC. Sociais e Xurídicas</p>
---	---



# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
Tlf.: 981545427 Fax: 981545422

<ul style="list-style-type: none"><li>-Máster Universitario en Interpretación de Conferencias</li><li>-Máster Universitario en Innovación Industrial e Optimización de Procesos.</li><li>-Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible</li></ul>	
---	--

*19 xullo??*

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2012

O secretario xeral de Universidades



José Alberto Díez de Castro